

## DOMINGO II DO ADVENTO (C)

### PRIMEIRA LECTURA Bar 5, 1-9

Lectura do libro do Profeta Baruc

Xerusalén, quita o vestido da túa dor e da túa desgracia, e viste para sempre o esplendor da gloria que vén de Deus. Envólvetes no manto glorioso da xustiza que vén de Deus: pon na túa cabeza o diadema da gloria do Eterno. Deus vai mostra-lo teu esplendor a toda cidade baixo o ceo, pois Deus fará que o teu nome sexa para sempre "paz da Xustiza e Gloria da Piedade diante de Deus". Ponte de pé, Xerusalén, ponte de pé no alto, e mira cara ó nacente, olla os teus fillos reunidos pola palabra do Santo, alegres pola lembranza do Señor desde o poñente ata o nacente. Saíron de onda ti, levados a pé polos inimigos, pero Deus devólvechos en andas de gloria, coma un trono de realeza. Pois mandou o Señor que se rebaixasen os montes altos e os vellos outeiros e que os barrancos se enchesen volvéndose chairas, para que Israel camiñe con paso seguro, guiado pola gloria de Deus; e por orde de Deus as árbores do bosque e as plantas recedentes déronlle sombra a Israel. Si, Deus conducirá a Israel con alegría á luz da súa gloria, coa misericordia e a xustiza que están con El.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6

R/. (3): O Señor fai connosco cousas grandes, estamos cheos de alegría.

Cando o Señor cambiou a sorte de Sión,  
parecíanos un soño.  
A boca enchéusenos de risos,  
a lingua de cantares.

Daquela dicían os pagáns:  
"O Señor fixo con eles cousas grandes".  
O Señor fixo connosco cousas grandes,  
estamos cheos de alegría.

Cambia, Señor, a nosa sorte,  
coma os regatos no deserto.  
Os que sementan entre bágoas,  
recollen entre cantares.

Cando van, van chorando  
os que levan a semente.  
Ó viren, veñen cantando  
os que traen os seus monllos.

**SEGUNDA LECTURA**      Flp 1, 4-6. 8-11

Lectura da Carta Apóstolo San Paulo ós Filipenses

Irmáns: Sempre que rezo por vós, fágoo con alegría, pola parte que vides tomando na difusión do Evanxeo desde o primeiro día ata hoxe. Eu confío en que o que encetou en vós un traballo bo, halle de ir dando cabo de aquí ó día de Cristo Xesús.

¡Ben sabe Deus con que morriña cristiá vos boto a faltar aquí! E na miña oración pido que o voso amor reborde de coñecemento e de sensibilidade para todo: así poderedes acertar co mellor para chegardes enxebres e sen chata ó día de Cristo Xesús, e cheos do froito da xustiza que se consegue por medio de Xesús Cristo para gloria e loanza de Deus.

**EVANXEO**      Lc 3, 1-6

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

No ano quince do reinado do emperador Tiberio César, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea e Herodes tetrarca de Galilea; sendo Filipo, o seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide, e Lisaniás, tetrarca de Abilene: durante o pontificado de Anás e Caifás, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto.

Entón el percorreu toda a rexión do Xordán, pregoando un bautismo de conversión, para acada-lo perdón dos pecados, conforme está escrito no libro do profeta Isaías: Unha voz chama no deserto: Preparade os camiños do Señor, reparade os seus vieiros. Toda barranqueira se cubrirá todo monte e outeiro se rebaixará, os camiños tortos hanse endereitar e os fragosos hanse achanzar. E todos verán a salvación de Deus.